

FORMACIÓN NO SARS-CoV-2 PARA OS EQUI- POS COVID DOS CENTROS EDUCATIVOS NON UNIVERSITARIOS



XUNTA DE GALICIA

Este documento estará en permanente revisión e actualización e dispoñible na páxina web do Servizo Galego de Saúde: <https://coronavirus.sergas.es/>


Data última revisión: 05/09/2020

ÍNDICE

	Pág.
Bloque 1	
Que é o coronavirus	6
A infección por coronavirus e a poboación infantil	7
Síntomas de infección por coronavirus	12
Bloque 2	
O papel dos coordinadores Covid dos centros educativos	16
A coordinación entre os referentes Covid dos centros escolares e os referentes Covid-escolas dos centros de saúde	18
Bloque 3	
Medidas de vixilancia do coronavirus	21
Medidas de prevención do coronavirus	24
Medidas de control do coronavirus	36
Bloque 4	
Como actuar ante unha sospeita de infección por coronavirus no centro escolar	39
Mecanismo de alerta á Xefatura Territorial de Sanidade	48
Outros recursos formativos	49
Anexo I. Enquisa de autoavaliación clínica da Covid-19	53
Anexo II. Os nenos seremos superheroes contra o coronavirus	56

BLOQUE 1

1. QUE É O CORONAVIRUS



Os coronavirus conforman un grupo numeroso de virus. Están compostos dun núcleo de material xenético rodeado por unha envoltura de grasas con proteína de espinas. Isto dálle a aparencia dunha coroa.

De aí reciben o seu nome.

Existen diferentes tipos de coronavirus que causan síntomas respiratorios e, ás veces, gastrointestinais. Na maioría dos casos, as enfermidades respiratorias poden variar desde un catarro común ata unha pneumonía e os síntomas adoitan ser leves, aínda que algúns tipos de coronavirus poden causar enfermidades graves. Entre eles atópanse o coronavirus causante da síndrome respiratorio agudo grave (SARS), identificado por primeira vez en China en 2003, e o coronavirus causante da síndrome respiratorio de Oriente Medio (MERS-CoV), que se identificou por primeira vez en Arabia Saudita en 2012.

O novo coronavirus de 2019 identificouse por primeira vez en China e denomínase SARS-CoV-2.

Este coronavirus SARS-CoV-2 é un novo tipo de coronavirus que pode afectar ás persoas e que se detectou por primeira vez en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, provincia de Hubei, en China. A enfermidade que causa denomínase COVID-19.

2. O QUE SE COÑECE DA INFECCIÓN POR SARS-COV-2 NA POBOACIÓN INFANTIL

Nos últimos meses teñense publicado diversos informes que recollen a bibliografía sobre a infección do SARS-CoV-2 na poboación infantil. Nestes é salientable que en contra da idea inicial a maioría destes estudos desmenten a idea inicial de que a poboación infantil teña unha capacidade de contaxio superior á da poboación xeral. Esta idea inicial estaba enganada tal como se confirma neste artigo publicado en Arch Dis Childhood, que titula o seu editorial *“Os nenos non son super-diseminadores da Covid-19: hora de volver ao colexio”*¹.

As últimas evidencias indican que a infección polo SARS-CoV-2 na poboación infantil e menos grave que a dos adultos, sendo a maioría dos contaxios nesta poboación asintomáticos ou leves, en comparación coa dos adultos²³⁴⁵.

As investigacións que se teñen realizado de forma específica na contorna das escolas parecen demostrar que neste ámbito concreto, a infección é pouco común e non é a causa principal da infección polo virus, particularmente en preescolares e en educación primaria.

O Centro Europeo de Prevención e Control de Enfermidades (ECDC)⁶ indica que si se aplican as medidas de distanciamento e hixiene adecuadas o risco de contaxio nas

¹ Munro APS, Faust SN. Children are not COVID-19 super spreaders: time to go back to school. Arch Dis Child.2020 May 5

² Bi Q. et al. Epidemiology and transmission of COVID-19 in 391 cases and 1286 of their close contacts in Shenzhen, China: a retrospective cohort study. Lancet April 27, 2020 DOI:<https://doi.org/10.1016/S1473->

³ Choi, SH, Kin HW, Kang JM, Kin DH, Cho EY. Epidemiology and clinical features of coronavirus disease 2019 in children. Clin Exp Pediatr. 202;63(4):125-132

⁴ Dong Y, Mo X, Hu Y, et al., “Epidemiological characteristics of 2143 pediatric patients with 2019 coronavirus disease in China.” Pediatrics. 2020.

⁵ Jiehao, C, Xu J, Lin D, Yang Z,4 Xut L, al., “A case serie of chilfren with 2019 novel coronavirus infection : clinical and epidemiological features.” Clinical Infectious Diseases, (28) 2020

⁶ COVID-19 in children and the role of school settings in COVID-19 transmission, 6August 2020.Stockholm: ECDC; 2020. Accesible en: [<https://www.ecdc.europa.eu/sites/default/files/documents/COVID-19-schools-transmission-August%202020.pdf>]

escolas non é superior ao dos entornos ocupacionais ou de ocio cun número de persoas similares.

A diferenza doutras infeccións, os datos preliminares suxiren que os nenos xogan un papel menor na cadea de transmisión da enfermidade, e son os adultos a fonte principal de contaxio, sendo que os casos pediátricos prodúcense de forma maioritaria por contaxio a través da convivencia con adultos infectados⁷⁸.

Unha das mensaxes reiteradas que xurdiron nos inicios desta epidemia foi que os nenos e nenas eran un importante vector de contaxio da infección. Estes argumentos non foron sustentados polos estudos realizados posteriormente. A este respecto, todos os países informan dunha seroprevalencia en poboación infantil lixeiramente inferior que a da poboación adulta. De feito, e segundo o estudo de seroprevalencia realizado pola Xunta de Galicia, a poboación menor de 19 anos esta netamente menos contaxiada que as persoas de maior idade. A prevalencia de contaxio de menores de 10 anos é do 0,50% e da poboación entre os 10 e os 19 anos, do 0,56%. A partir dos 20 anos esta prevalencia ascende até un mínimo do 0,90% en calquera franxa de idade.

Cal é a evidencia da transmisión dentro do entorno escolar?

O ECDC publicou o pasado 6 de agosto deste ano unha revisión bibliográfica⁹ co obxectivo de analizar as evidencias dispoñibles na poboación infantil e o ámbito escolar, así como avaliar as experiencias na contorna das escolas durante estes últimos meses nos países europeos. No caso da transmisión do virus no ámbito escolar, conclúe o seguinte:

⁷ RVA. COVID-19 and children. https://www.rivm.nl/en/novel-coronavirus-covid-19/children-and-covid-19?fbclid=IwAR3QycNPiZmLu1e1Hw4G4bU8qSnywo9KyUXox3QNnDBDUgffUtEW_SQRYqs (accessed 26 abril 2020)


⁸ Gudbjartsson, Daniel F. et al., Spread of SARS-CoV-2 in the Icelandic Population." New England Journal of Medicine, (14). 2020.

⁹ COVID-19 in children and the role of school settings in COVID-19 transmission, 6 August 2020. Stockholm: ECDC; 2020. Accesible en: <https://www.ecdc.europa.eu/sites/default/files/documents/COVID-19-schools-transmission-August%202020.pdf>

1. **Cal é a evidencia de transmisión entre os nenos e nenas no entorno escolar?**

En relación á transmisión entre os nenos e nenas do virus dentro dos centros educativos, a conclusión das investigacións é que a transmisión entre estes é pouco común e non é a principal causa da infección da Covid-19 dos nenos e nenas.

Figure 3. Diagram of known transmission routes between children and adults within childcare and educational settings and between the community/household



Note: solid arrows represent routes of transmission where there is strong evidence for transmission, dashed lines represent routes of transmission where there is variable or mixed evidence of transmission between individuals within the childcare and school settings and to the community/household outside of educational settings.

2. **Cal é a evidencia de transmisión de estudantes a profesores e resto do persoal do entorno escolar?**



Ata a data, nos países onde se fixo un seguimento das escolas onde houbo casos positivos de nenos infectados (concretamente en Irlanda, Australia e Países Baixos), na escola onde se detectou un Covid-19 positivo nun neno/a e seguíronse os contactos, non se detectaron adulto positivos no período de seguimento. A conclusión é destas investigacións é que os nenos e nenas non son os contaxiadores principais ás persoas adultas no entorno escolar.

- 3. Cal é a evidencia de transmisión de adultos a nenos e nenas no entorno escolar?** Hai moi pouca evidencia da posible transmisión entre adultos e nenos/as no entorno escolar. Existe unha ampla evidencia de que se un neno/a se infecta por un adulto, o máis probable é que sexa no fogar debido, probablemente, a que as interaccións entre nenos e nenas e persoas adultas é diferente nos ámbitos familiar e escolar. En resumo, a pesar de que existe unha importante evidencia da transmisión de adultos a nenos/as no ámbito familiar, existe pouca evidencia de que isto ocorra no ámbito escolar.
- 4. Cal é a evidencia de transmisión entre adultos no entorno escolar?** Existe pouca evidencia dentro da literatura que informe da transmisión entre adultos no ámbito escolar. En Suecia, onde as escolas os para menores de 16 anos permaneceron abertas, o departamento de Saúde Pública analizou os grupos ocupacionais dentro da escola e advertiu que os mestres non tiñan un risco superior ao da poboación xeral. A evidencia parece indicar que os adultos non teñen un risco superior de contraer SARS-CoV-2 dentro da escola que no entorno comunitario ou familiar.

A prevención ante a Covid-19 e o modelo do queixo suízo

MODELO DEL QUESO SUIZO


James Reason



Jame Reason propuxo no ano 1990 un modelo para explicar por que ocorren os desastres, accidentes ou fallas nos sistemas complexos. Este modelo explica que cada medida de prevención (máscaras, distancia

social, hixiene de mans, vías de entrada e saída diferenciadas) comportase como

segmento de queixo. Sen embargo, estes elementos non son perfectos. Teñen defectos e debilidades e estas representase polos buracos. Cada unha das medidas por si só non garanten a necesaria protección e cando estas debilidades se aliñan, ocorre a infección. Polo contrario, introducir varias medidas preventivas limitan as posibilidades de propagación do virus.



Por iso, a estratexia de prevención que se utiliza en relación á Covid e se describe neste documento, é a suma dun conxunto de accións que permitirán diminuír a transmisibilidade do virus. Unha só non será capaz de bloquear a

transmisión do virus, pero un conxunto de medidas conxuntas permitirá unha redución importante da transmisión do virus.

Resumen das evidencias dispoñibles en relación á Covid-19 e a poboación infantil

1. Baixa taxa de enfermidade por COVID 19 en nenos, sendo menor canto mais novos.
2. Baixo risco de transmisión de nenos a partir de estudos de convivencia
3. Raramente e o neno a fonte principal de infección por COVID-19 nos estudos de brotes publicados ata agora.
4. Baixa incidencia e baixo risco de enfermidade incluso en nenos con morbilidades previas
5. Baixa propagación de SARS-Cov-2 entre nenos en entornas escolares.

3. SÍNTOMAS DE INFECCIÓN POR CORONAVIRUS

Os síntomas máis habituais da COVID-19 son a febre, a tose seca , sensación de falta de aire e/ o cansazo.

Outros síntomas menos frecuentes que afectan a algúns pacientes son perda do gusto ou o olfacto , dor de cabeza, conxuntivites, dor de garganta, diarrea, dor muscular, que son todos eles síntomas que poden confundirse ca gripe.

Estes síntomas adoitan ser leves e comezan gradualmente. Algunhas das persoas infectadas só presentan síntomas leves durante toda a enfermidade. A maioría das persoas (sobre o 90%) recupéranse da enfermidade sen necesidade de ingreso hospitalario.

De todos modos, estímase que unha de cada cinco persoas que contraen a COVID-19 acaba presentando un cadro grave e experimenta dificultades para respirar. As persoas maiores e as que padecen afeccións médicas previas como hipertensión arterial, problemas cardíacos ou pulmonares, diabetes ou cancro teñen máis probabilidades de presentar cadros graves.



Figura . Síntomas máis frecuentes da infección pola COVID-19

De que forma se pode adquirir a infección?

A principal vía de transmisión é a que se produce a través das gotitas de Pflügge (>5 micras) orixinadas ao falar, tusir ou esbirrar pola persoa infectada alcanzando posteriormente as mucosas oral, nasal ou conxuntiva dun novo hóspede.

Estas gotas non permanecen suspendidas no aire, senón que se depositan rapidamente, polo que só permiten a transmisión a unha distancia mais ou menos de 1 metro (garantía coa distancia de 1.5 metros)

Tamén se produce transmisión por contacto directo das mucosas coas secrecións respiratorias dunha persoa infectada ou, de forma indirecta, a través das mans ou obxectos recentemente contaminados.




Figura. Mecanismo de transmisión da Covid-19

Toda persoa con infección causada polo virus e bacterias é susceptible de contaxiar a outras persoas.

Outro aspecto importante a ter en conta é o período de contaxio. Este mide o “tempo medio que unha persoa infectada pode transmitir a infección”.

Non é o mesmo o período de contaxio que o de incubación.

Incubación: O tempo que pasa desde que o virus entra no organismo ata que aparecen os primeiros síntomas da enfermidade . Nesta fase a persoa está aparentemente san. As persoas que se encontran nesta situación deben estar en **corentena** e a súa duración é de 14 días de illamento no seu domicilio.

Contaxio: O tempo durante o cal a persoa que sofre unha enfermidade infecciosa pode contaxiar a outra persoa. As persoas que se encontren contaxiadas deben estar en **illamento** e a súa duración é, como norma xeral, de 10 días nun cuarto separados do resto da familia e serán seguidos por supervisión médica.

Os períodos de incubación e contaxio mídense dende o día de exposición ao contaxio.

O problema coa COVID-19 é que, en moitos casos, o período de incubación solápase co de contaxio, polo que persoas aparentemente sas e sen síntomas poden contaxiar a outras persoas.

BLOQUE 2

4. O PAPEL DOS COORDINADORES COVID DOS CENTROS EDUCATIVOS

Cada centro educativo deberá contar cun equipo formado na COVID-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. O equipo estará formado pola persoa titular da dirección do centro, ou persoa na que delegue ou a substitúa, e dous membros do profesorado (nos centros de menos de seis unidades o equipo poderá constituírse cunha soa persoa).

Corresponde á persoa titular da dirección do centro o nomeamento dos restantes membros. Tamén lle corresponderá á persoa directora, ou persoa na que delegue ou a substitúa, a función coordinadora Covid e a interlocución coa administración. En cada centro educativo establecerase unha canle de comunicación do equipo Covid cos membros da comunidade educativa.

Corresponde ao **equipo COVID do Centro de Saúde**:

1 Comunicación e interlocución

- Comunicar as incidencias ou gromos ao Equipo de Coordinación Operativa COVID da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- No exercicio da súa condición de persoa coordinadora do equipo COVID, a persoa titular da dirección é a encargada de manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación, e, de ser o caso da Consellería de Sanidade ou do Sergas. Correspóndelle así mesmo a comunicación co persoal do centro e coas familias e alumnado.
- A comunicación e contacto co centro de saúde de atención primaria de referencia para cuestións relacionadas coa COVID.

- Asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa.

2 Organización

Elaborar un “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” no que se determinen ás concrecións das medidas para o centro educativo individualizado. Este plan será comunicado ao persoal do centro, a todas as familias e ao alumnado, neste último caso a partir dos niveis de ensino obrigatorio. Será remitido tamén a Inspección educativa xunto co resto da documentación correspondente ao inicio de curso.

3 Xestión da información

O equipo COVID-19 de cada centro educativo deberá dispor, no menor prazo de tempo posible, dunha relación de todo o alumnado e do persoal do centro (a información deberá agruparse por aula e co profesor asignado á mesma ou en contacto co alumnado da mesma) no que figure a identificación persoal, un ou varios números de teléfono de contacto e o enderezo para, de ser o caso, poder trasladado ás autoridades sanitarias.

4 Xestión do material de protección e hixiene

Inventariar, distribuír e/ou organizar a distribución do material de protección e hixiene, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e

gastos producidos. Tamén, arbitrar un mecanismo de distribución que acredite a súa entrega e o seu consumo para a actividade propia do centro.

5 Colaboración coa autoridade sanitaria na xestión dos casos e gromos

- No suposto da aparición dun caso confirmado de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo.
- Na eventualidade de que a autoridade sanitaria ordenase o peche dun aula ou varias, o equipo Covid encargarse de organizar e supervisar a reactivación cando se produza.
- Cando algunha persoa dun núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou persoal do centro que convivan con ela non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e esta sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

5. A COORDINACIÓN ENTRE OS REFERENTES COVID DOS CENTROS ESCOLARES E OS REFERENTES COVID-ESCOLAS DOS CENTROS DE SAUDE

Os centros educativos terán un centro de saúde de atención primaria de referencia, que será o interlocutor especificamente para cuestións relacionadas co COVID-19. Será necesario nomear a unha persoa de referencia (e unha suplente) do equipo Covid do centro educativo que serán quen de contactar co equipo Covid-escolas do centro

de saúde. Os resto de profesorado transmitirá as súas dúbidas ao equipo Covid do centro educativo. Existirá unha canle directa e fluída de comunicación entre ambos, sendo que o contacto será de preferencia telefónico.

Resolveranse dúbidas relacionadas exclusivamente ao Covid. Para cuestións relativas aspectos asistenciais por outros problemas de saúde dos nenos e nenas do centro educativo, os interlocutores serán os pediatras e médicos de familia destes. Será o centro sanitario o que decida se pode utilizarse este canal de comunicación para outros aspectos sanitarios diferentes como a educación para a saúde. En calquera caso, cando se trate dunha cuestión clínica relacionada cun alumno ou alumna en concreto, será a propia familia quen deberá contactar co/a pediatra ou médico/a de atención primaria de referencia deste.

Cando se teñan dúbidas sobre se un ou unha alumna ten síntomas compatibles coa Covid-19 á chegada ao centro ou durante a súa estancia nel, contactarase inmediatamente coa familia que solicitará unha consulta telefónica co/a pediatra ou médico/a de atención primaria que valorará a solicitude dunha proba diagnóstica.

Desde o centro sanitario poderán realizarse visitas ao centro educativo para resolver dúbidas de maneira presencial. Para isto, deberá informar previamente ao centro educativo.

BLOQUE 3

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO

Neste documento establécense as liñas de actuación específicas para o ámbito infanto xuvenil no relativo á vixilancia, prevención e control da infección polo SARS-CoV-2.

Este conxunto de normas van encamiñadas a diminuír a transmisibilidade do virus na comunidade educativa, incluíndo nestas todas aquelas persoas que prestan servizos no centro e son alleos á educación. Polo tanto, son tamén condicións aplicables ao persoal de cociña, mantemento, entre outros.

Estas medidas de actuación que se inclúen neste documento foron examinadas e aprobadas polas autoridades sanitarias autonómicas e son obxecto de revisión continua en función da evolución epidemiolóxica da infección polo SARS-CoV-2 en Galicia, de forma que se irán actualizando se así fose necesario.

6. VIXILANCIA DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

Para deter a transmisión comunitaria e evitar a aparición de gromos e necesario unha labor de vixilancia e monitoraxe continuas, tanto para a detección precoz de novos casos e dos seus contactos, como para o seguimento deles.

Para isto, realizaranse as seguintes actividades:

1. Cada centro educativo contará cun equipo (persoal e/ou profesorado) formado na COVID-19 que será referencia para o resto de persoal, profesorado, alumnado e familias. Nomearase unha persoa que será a coordinadora Covid e será a interlocutora coa administración e o equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia, en caso necesario.

2. Antes do inicio do curso realizarase un test diagnóstico de cribado da COVID-19 ao profesorado e persoal dos centros educativos non universitarios, completando o proceso diagnóstico con probas complementarias de ser necesarias.
3. Os centros educativos terán un centro de saúde de referencia onde se poderá poñer en contacto o responsable do equipo Covid do centro educativo para resolver algunha dúbida ou incidencia no centro.
4. Habilitarase un espazo específico no centro escolar para illar a aqueles nenos e nenas nas que se detecten síntomas compatibles coa Covid mentres non se xestiona o seu traslado.
5. Detección precoz no **persoal e profesorado** do centro:
 - a. Autoavaliación diaria de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 no profesorado e persoal do centro escolar mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I antes da chegada ao centro. A realización da enquisa será realizada a título particular, non sendo necesaria a súa comunicación ao centro a non ser que dea positivo.
 - b. Como alternativa, pódese acceder ao autotest do Coronavirus da Consellería de Sanidade na seguinte dirección web: <https://coronavirus.sergas.gal/autotest/?lang=gl-ES>
 - c. Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa Covid, non se acudirá ao centro escolar e se solicitará consulta co seu centro de saúde. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario e realizarase test diagnóstico en 48 horas.

- d. Recomendase a menor rotación posible do persoal e profesorado, organizando equipos estables para reducir os contactos.
6. Detección precoz no **alumnado**:
- a. Avaliación diaria na casa de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 no alumnado mediante a realización da enquisa clínico epidemiolóxica que se describe no Anexo I.
 - b. Unha obriga diaria é a toma da temperatura corporal a todo o alumnado, profesorado e persoal previamente ao inicio da xornada. Esta pode levarse a cabo no propio centro educativo ou ser as propias familias quen se comprometan a medila no seus domicilios.
 - c. Se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o neno ou nena non acudira ao centro e contactarse inmediatamente co centro de saúde de referencia. **Para a xustificación da ausencia, non será necesario presentar ningunha xustificación médica, abondara coa xustificación dos pais ou titores legais.**
 - d. Vixilancia activa do persoal e profesorado de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 no alumnado.
 - e. Ante a detección de síntomas compatibles coa Covid-19 durante a estadía no centro escolar nalgún alumno/a, contactarase de forma urxente coa familia ou persoa de referencia. Esta deberá presentarse no centro a maior brevidade posible. Namentres, o/a alumno/a permanecerá cunha máscara cirúrxica no espazo específico designado para illamento.
 - f. A familia ou titor/a solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou médico/a que valorara a necesidade da solicitude dun test diagnóstico.

7. Medidas adicionais:

- a. Se algunha persoa do núcleo familiar e sospeitosa de padecer a COVID-19, os nenos e nenas que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba.
- b. A aplicación “EduCovid” dispoñible para os centros, permitirá realizar un rexistro específico e adecuado dos datos básicos dos contactos de cada alumno. Desta forma, será máis simple a notificación ás autoridades sanitarias dos contactos estreitos si se producise un caso no centro.

7. PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

Os catro puntos chave da prevención da transmisión do SARS-CoV-2 van dirixidos á utilización da máscara de protección, hixiene de mans, distancia de seguridade e intensificación da ventilación dos espazos pechados.

Consideracións sobre a distancia física

- De forma xeral, manterase unha distancia física mínima de 1,5 metros nas interaccións entre as persoas os centros educativos (comedores, corredores, traballos grupais, etc...).
- Na educación infantil e primaria, o alumnado organizarase, con carácter xeral en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non existirán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanquidade do grupo nas actividades dentro do centro educativo.
- A distancia a manter entre os postos escolares será a máxima que permita a aula, para a aplicación do criterio de medición será a existente dende o centro das cadeiras.

Consideracións sobre o uso da máscara

En virtude da *RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo de Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade*, introdúcense novas normas no uso das máscaras ante o inicio do curso escolar.

a) Obriga xeral

- O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada.
- Para as persoas de **seis ou máis anos** será **obrigatorio** o uso da máscara en todo momento, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal.
- Inclúese, a posteriori, a **recomendación** do uso da máscara para persoas **entre 3 e 6 anos** se a toleran adecuadamente.
- Para os casos da utilización do transporte ata o colexio, para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso de máscara, e recomendado o seu uso para as persoas entre 3 e 6 anos, nos medios de transporte público como por autobús ou ferrocarril, así como nos transportes e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor cando coincidan nel varias persoas non conviventes.

b) Condicións do uso da máscara

Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada.

c) Excepcións á obriga do uso da máscara

A obriga de uso de máscara non será exixible nos seguintes supostos:

- As persoas menores de seis anos, e recomendada para as persoas entre os 3 e 6 anos se a toleran ben.
- Cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.
- Nos vehículos de turismo, cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio.
- Nas praias e piscinas, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias e piscinas.
- En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias

A estratexia desta liña de prevención basease na aplicación de medidas dirixidas a protexer aos nenos, nenas, persoal e profesorado reducindo a probabilidade de contacto cos casos da COVID-19 a través da adopción de medidas que permitan a diminución da transmisión do virus.

- 1 A educación sanitaria, como proceso de información, motivación e axuda para non baixar a garda e adoptar ou manter as boas practicas de prevención da enfermidade. A Consellería de Sanidade colaborará na formación e educación tanto do profesorado e persoal, como dos alumnos coa elaboración de material formativo adecuado a cada colectivo.

- 2 Incluirase dentro dos programas de intervención comunitaria dos centros de atención primaria a realización de sesións formativas por parte dos profesionais dos centros de saúde co obxectivo de formar ao profesorado e realizar as intervencións educativas necesarias relacionadas coa Covid-19.
- 3 Compre desenvolver un intenso labor de concienciación e formación no ámbito escolar, incidindo nos seguintes aspectos:
 - 3.1 Concienciación e interiorización da magnitude do problema: debese resaltar dunha parte, a idea de que a epidemia non se erradicou, co obxectivo de evitar a relaxación na aplicación das medidas preventivas tanto do persoal como do profesorado e o alumnado, e doutra, a necesidade da implicación da poboación no cumprimento das indicacións establecidas polas institucións, nun exercicio de responsabilidade individual e colectiva.
 - 3.2 Información sobre aspectos científicos e epidemiolóxicos da infección por SARS-CoV 2.

Compre formar á comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, destacando:

1. Medidas relacionadas cos equipos das máscaras:
 - a. Utilización de máscaras hixiénicas ou cirúrxicas en todos os espazos do centro (abertos ou pechados) de forma obrigatoria para as persoas de máis de 6 anos, e recomendable entre os 3 e 6 anos se o toleran, independentemente de si se cumpre ou non a distancia de seguridade.
 - b. A utilización doutro tipo de máscaras con válvula non está permitida.

- c. Establecer persoal de referencia en cada centro para garantir o uso correcto das máscaras, realizar inventario destes e o control de aprovisionamento en función das necesidades.
- d. Asegurar a posibilidade de cumprimento de medidas provisionais de reutilización das máscaras en caso de desabastecemento.

2. Distancia física:

- a. Manter a distancia física recomendada de 1,5 metros, como norma xeral nas interaccións dos alumnos e o persoal do centro. Esta distancia de seguridade manterase entre as persoas en todo momento, tentando evitar as aglomeracións en calquera espazo do centro.
- b. Para os grupos de convivencia estable, en educación infantil e primaria, non se aplicarán os criterios de limitación de distancia.

3. Hixiene de mans:

- a. O equipo Covid de referencia de cada centro educativo garantirá o coñecemento e a aplicación das medidas de protección e hixiene na comunidade educativa.
- b. Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico, no seu defecto.
- c. O lavado de mans debe realizarse **como mínimo 5 veces ao día**.
- d. A duración mínima será de 40 segundos no caso de lavado con auga e xabón e de 20 segundos no caso da utilización do xel hidroalcohólico
- e. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- f. É necesario realizar unha hixiene completa de mans antes e despois da utilización de material compartido.

- g. A entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento.
- h. Habilitar dispensadores de solución alcohólica na a entrada e en espazos comúns.
- i. Aplicar medidas de reforzo para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo as características de cada centro.
- j. Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esbirrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos contaminados, realizar hixiene de mans.
- k. Xerar dinámicas para que o alumnado realice unha adecuada hixiene de mans de forma frecuente (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos a actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño), xunto con outras medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.

4. Intensificación da ventilación das instalacións

- a. Os espazos pechados deberán ventilarse por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases e, se fose posible, entre as clases.
- b. Si as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitisen, deberá manterse as xanelas abertas o máximo tempo posible.
- c. Deberase incrementar a subministración de aire fresco e non se debe utilizar a recirculación do aire interior.

- d. Se nun mesmo espazo se prestase asistencia a diferentes alumnos, deberá ventilarse a aula ou sala polo menos durante 15 minutos logo de cada sesión.
5. Instalación de portapanos desbotables nos espazos comúns.
 6. Xerar sistemas de educación sanitaria para implantación de medidas de hixiene respiratoria:
 7. Ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotara nunha papeleira, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
 8. Estableceranse plans de formación e información continua para o persoal, o profesorado e o alumnado co obxectivo do mantemento de todas as medidas de prevención establecidas, especialmente na hixiene de mans, uso da máscara e distancia física. Ademais, antes do inicio do curso, darase formación en medidas de distanciamento físico e uso de mascararas tanto para o persoal, profesorado como para o alumnado.
 9. Intensificación da limpeza e desinfección do centro:
 - a. Estableceranse programas intensificados de limpeza no centro, con especial atención as zonas onde poidan transitar maior numero de persoas e as superficies de contacto frecuente como varandas e pasamáns, mangos de portas, escritorios, xoguetes, subministracións, interruptores de luz, marcos de portas, equipos de xogo, axudas para o ensino utilizadas polo alumnado e portadas de libros. Tamén incluírase a ventilación de salas e espazos comúns.
 - b. Aumentarase a frecuencia de limpeza en ximnasios e instalacións deportivas e vestiarios.

10. Unha das actividades de maior risco de contaxio é o canto, en especial o canto coral, debido a cantidade de aerosois que se xeran nesta actividade. Polo tanto, esta actividade debería estar controlada e será obrigatorio que se utilice máscara en calquera caso.
11. Regular as actividades en zonas comúns, distribuíndo estas actividades en quendas, de tal forma que en cada quenda, cada participante poida manter a distancia de seguridade (ao menos 1,5 metros) respecto ao resto de participantes.
12. Adecuar os comedores e as cafetarías, se os houbera, para cumprir coa distancia de seguridade.
13. Tentar falar cun ton de voz baixo. As gotas de Pflugge son o principal mecanismo transmisor do virus. A distancia a que estas son expelidas é directamente proporcional ao volume ou intensidade da voz. Polo tanto, recoméndase que durante a estada no centro educativo (aulas, comedor, actividades extraescolares) o alumnado, profesorado e profesionais manteñan o volume de voz o máis baixo posible.
14. Medidas de distanciamento para o persoal e profesorado:
 - a. As entradas do persoal e profesorado serán graduadas e evitarase a acumulación das persoas nos puntos de entrada e saída dos centros educativos.
 - b. A transmisión das gotas respiratorias está relacionada coa proximidade dos interlocutores e co nivel de proxección destas. Os profesores adoitan falar dende unha altura levemente superior á do alumnado. Polo tanto, a distancia a que o profesorado se dirixira ao grupo aula será superior a 1,5 metros.

- c. Evitar coincidir en grupo en lugares de espazo reducidos.
- d. Nas salas de uso común do profesorado, deberáse manter a distancia de seguridade, sendo o uso de máscara é obrigatorio excepto para o momento en que se inxiran alimentos ou bebidas.

15. Evitar as actividades grupais dos equipos en espazos reducidos. Se non se puidese garantir a distancia de seguridade, estas serán realizadas a través de videoconferencia.

16. Instalaranse mamparas en todos os lugares de atención ao público.

17. Medidas relacionadas co uso de luvas

- a. O uso de luvas estará limitado ao persoal de limpeza e ao momento de servir a comida. Estas botaranse ao lixo inmediatamente tras a finalización da tarefa.
- b. Para desbotar as luvas e outro material utilizaranse, a ser posible, recipientes con tapa e pedal e procederase ao lavado correcto de mans.

18. Medidas relacionadas coa xestión de trámites administrativos

- a. Priorizarase o envío da documentación de inscrición, matrícula e calquera outra mediante medios informáticos.
- b. Os tramites administrativos serán realizados con cita previa co centro.

19. As reunións das ANPAS realizaranse preferentemente en forma de videoconferencia. Se tivese que ser realizada de forma presencial, manteranse as medidas de hixiene e uso de máscara se non se puidese cumprir a distancia de seguridade.

20. Medidas relacionadas co transporte ao centro.

- a. Recomendación de uso de transporte individual ou, no seu caso, de máscara si se utiliza calquera vehículo de transporte compartido ou público.
- b. Poderán ser utilizadas todas as prazas existentes no transporte colectivo coa obriga do emprego da máscara.
- c. Os acompañantes da empresa de transporte velarán porque todas as persoas ocupantes do vehículo leven a máscara posta durante todo o traxecto.
- d. Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar, co obxectivo de realizar unha máis adecuada trazabilidade dos contactos.
- e. O autobús debe hixienizarse e ventilarse entre as viaxes, segundo a normativa vixente.

21. Medidas relacionadas coa entrada ao centro e circulación dentro do centro:

- a. Proporcionarase material específico para a hixiene de mans nas entradas e saídas.
- b. Habilitarase o maior número de zonas de entrada e saída posibles e repartiranse por aulas para evitar aglomeracións de persoas.
- c. Do mesmo xeito, a entrada e saída será ordenada e gradual sempre que sexa posible (nunha marxe máxima de media hora no total) para evitar que se agrupen as familias.
- d. No posible, establecerase a circulación unidireccional do alumnado a través das instalacións e limitarase o número de persoas permitidas nos vestiarios a vez.

- e. Durante a circulación polos corredores do centro usarase sempre a máscara de protección.

22.Limitarase o uso de material persoal dos nenos e nenas, e este debera entregarse desinfectado, marcado, lavado, pechado en bolsas de plástico e evitarse que estes saian do centro.

23.Medidas nas aulas:

- a. Evitarase ou reducirase o máximo posible as interaccións e intercambios entre o alumnado das distintas aulas ao longo da xornada.
- b. Establecerase o grupo de convivencia estable en que non existe limitación de distancia física, para os niveis de educación infantil e primaria.
- c. Graduar os recunchos / descansos e xantares.
- d. En caso de ser necesario a realización de traballo grupal tentarase manter a distancia indicada de 1,5 metros. Aconsellase, así mesmo, a utilización de máscara polo grupo durante a duración da tarefa grupal.
- e. Co obxectivo de restrinxir o risco de exposición, limitaranse aquelas actividades deportivas que se desenvolvan con contacto físico directo, en clases de educación física, deportes ou outras actividades físicas, así como os xogos en parques infantís, áreas húmidas e vestiarios. Será obrigatorio o uso de máscara de protección no caso das clases de educación física.

24.Medidas nos momentos de merenda e xantar:

- a. A merenda servirase de xeitos individualizado, non podendo ser compartida entre o alumnado.

- b. Diversificarase o lugar onde se sirvan as comidas incluso coa implantación de dúas quendas para entrar ao comedor.
- c. Manteranse as distancias de seguridade entre nenos e nenas nas mesas de comedor. Para iso pode ser útil, eliminar cadeiras dos devanditos comedores.
- d. Evitarase o intercambio de comida e utensilios entre os alumnos e alumnas.

25. Medidas nos momentos de recreo:

- a. A hora de recreo será espazada entre as distintas clases, procurando manter a necesaria distancia física.
- b. Fomentaranse propostas de ocio en pequenos grupos onde coincidan nenos e nenas no mesmo espazo. Uso de materiais que se poidan limpar e desinfectar, axeitados ao grupo de idade e para o seu uso por pequenos grupos.
- c. Habilitarase o número máximo de espazos dispoñibles para o recreo, de forma que permita a existencia de certa separación física entre os nenos e nenas que coincidan no recreo.
- d. Darase prioridade ao uso da zona exterior da escola, utilizando as medidas de hixiene necesarias e restrinxir o uso de areeiros.
- e. Aproveitarase o tempo de recreo para ventilar os espazos interiores, no tempo das saídas ao exterior ou zonas comúns.

26. Medidas para as familias e titores/as do alumnado:

- a. A entrega e recollida do alumnado farase por unha soa persoa que acudira debidamente protexida cunha máscara e manterá en todo

momento as distancias de seguridade co resto do persoal da escola e outras familias, nunha marxe de media hora previa e posterior ao período das clases.

- b. As familias non pasarán ao interior do centro, salvo por indicación do persoal. En todo momento se manterán as distancias de seguridade, así como a utilización obrigatoria da máscara.
- c. Os carriños non se poderán deixar dentro do centro.
- d. Fomentarase o uso das tecnoloxías de comunicación como as videochamadas para as entrevistas cos/as titores/as. Se non fose posible, solicitarase cita previa tomando as medidas necesarias de distanciamento físico, uso de máscara e hixiene de mans previo.
- e. As reunións de inicio e fin de curso, substituiranse por reunións previamente organizadas por aulas, coa asistencia dunha soa persoa por familia, sempre fora do horario lectivo e gardando as medidas preventivas necesarias.

8. CONTROL DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

Esta liña recolle o conxunto de intervencións sanitarias que tratan de evitar que as persoas infectadas pola COVID-19 diseminen a infección:

1. Calquera persoa con diagnóstico confirmado de COVID-19, deberá quedar illada no seu domicilio durante un período de 10 días dende o diagnóstico.
2. Control dos casos confirmados que non precisaron ingreso hospitalario adoptando medidas de illamento domiciliario ou nos espazos designados a tal efecto se fose preciso. No caso dos casos COVID-19 confirmados, seguimento mediante teleasistencia (TELEA) ou telefonicamente.

3. Control dos pacientes diagnosticados de COVID-19 tras a alta hospitalaria mediante teleasistencia (TELEA), se fose necesario continuar co illamento domiciliario. Realizarase seguimento telefonico nos casos nos que non se poida utilizar Telea.
4. Mantemento intensivo da estratexia de deteccion precoz de casos.
5. Control e seguimento dos contactos estreitos dos casos COVID-19 confirmados.

BLOQUE 4

O obxectivo do bloque é o de servir de guía para a detección e manexo do alumnado, persoal docente, persoal non docente e conviventes con sospeita/confirmación de infección por SARS-CoV-2.

9.- COMO ACTUAR ANTE A SOSPEITA DE INFECCIÓN POR CORONAVIRUS NUN CENTRO ESCOLAR (FLUXOGRAMA 1).

Tanto os alumnos/as, como o persoal docente, persoal non docente e os conviventes deberán realizar diariamente a “Enquisa de autoavaliación clínica do Covid-19”, na que se valoran os síntomas que se presentan con maior frecuencia na Covid-19 (febre maior de 37,5°C, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto e diarrea), o que permitirá detectar precozmente a sospeita de ter infección por SARS-CoV-2.

De presentar calquera destes síntomas non deberán acudir ao centro educativo, e terán que facer illamento domiciliario de forma obrigatoria durante o tempo indicado polo persoal sanitario.

Así mesmo, poñeranse inmediatamente en contacto co seu centro de saúde para solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra, médico de atención primaria, mutua, ou servizo de urxencias/061 no caso de sintomatoloxía severa. Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso.

Tamén teñen a obriga de comunicarllo ao “Equipo COVID do centro educativo”.

Para documentar a ausencia polo illamento, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

Compre salientar que se algún membro da unidade familiar do neno ou nena tivera síntomas ata que por PCR sexa descartado o caso, o alumno/a non acudirá o centro educativo.

Non asistirán o centro aqueles estudantes, docentes e outro persoal que teñan síntomas compatibles con COVID-19 ata ter o resultado do diagnóstico, así como aquelas persoas as que se lles haxa indicado illamento ou corentena.




Ilustración 1. Fluxograma de actuación ante un caso sospeitoso fora do centro educativo

Abordaxe do caso sospeitoso cando se encontra no centro educativo (Flu-xograma 2)

Os alumnos/as, persoal docente, persoal non docente que presenten sintomatoloxía compatible coa Covid-19 estando no centro educativo (febre maior de 37,5°C, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto e diarrea) serán considerados casos sospeitosos de infección por SARS-CoV-2, e deberán ser trasladados, con máscara cirúrxica, a sala habilitada para o illamento.

O espazo de illamento Covid deberá de estar xa identificado antes do comezo do curso, e deberá contar con :

- Ventilación axeitada,
- Xel hidroalcohólico para facer a hixiene de mans,
- Panos desbotables e papeleira de pedal.

Colocaráselle unha máscara cirúrxica o alumno e tamén a debe de levar a persoa que o acompañe (recordamos que o seu uso é obrigatorio neste intre agás as excepcións contempladas na lexislación) .

Simultaneamente, o centro educativo deberá informar da situación a familia ou persoa de referencia, que deberá presentarse no centro a maior brevidade posible para levalo ao seu domicilio.

A continuación, a familia, persoa responsable ou o propio paciente (se está en condicións) poñerase en contacto telefónico co seu pediatra, médico de

atención primaria, mutua, ou servizo de urxencias/061 no caso de sintomatoloxía severa, Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso.

En resumo:

Formación do equipo e persoa ou persoas referentes no mesmo para ese centro escolar en relación coa aclaración de dúbidas coa infección polo virus SARS-COV-2 que pode producir a enfermidade COVID-19.

Lembrar que ante a sospeita dun caso :

1. Avisar a familia.
2. Illar o alumno na zona destinada a tal efecto con adecuada ventilación.
3. Uso de máscara cirúrxica para o alumno e acompañante.
4. Si existisen síntomas de gravidade, avisar o 061.
5. A familia deberá solicitar consulta telefónica co seu pediatra, médico de atención primaria ou co profesional que corresponda o paciente para ese día.
6. Se o equipo Covid do centro de saúde coñecera un caso confirmado de coronavirus, deberá contactar coa Xefatura territorial para a toma de decisións sanitarias que procedan e estudio de contactos.




Ilustración 2. Fluxograma de actuación ante un caso sospeitoso dentro do centro educativo

Procedemento de manexo do caso confirmado e seguimento dos contactos (Fluxograma 3)

No caso da confirmación diagnóstica dun caso de Covid-19 os profesionais sanitarios de atención primaria poñeranse en contacto co paciente ou a súa persoa de referencia (pai, nai, titor, ...) para informarlle do resultado positivo das probas, realizar o seguimento clínico e facer fincapé nas medidas hixiénicas e de illamento.

Así mesmo, a denominada central de seguimento de contactos (CSC), comunicárase cos casos confirmados, xa sexa a través da persoa de referencia (pais de menor de idade, titor, ...) ou directamente no caso dos alumnos maiores de idade, para a identificación do centro de ensino. No caso do persoal docente e non docente, deberán ser identificados como profesionais do ámbito educativo e en que centro traballan.

Unha vez que a CSC ten localizado o centro de ensinanza, enviará unha solicitude ao “Equipo COVID centro educativo” (ECCE), a través da aplicación “EduCovid”, para a selección dos contactos estreitos segundo a liñas definidas pola autoridade sanitaria.

Tras a recepción da listaxe de confirmados o ECCE levará a cabo 3 funcións:

1. Remitir a CSC a listaxe dos contactos estreitos dos casos confirmados que incluírán: compañeiros de clase, compañeiros de comedor, compañeiros de transporte, profesorado e outras persoas da comunidade escolar que mantiveran contacto co/a neno/a.

2. Informar ao “Equipo Covid-escola” do centro de saúde de referencia da existencia dun caso positivo.
3. Informar do caso a Xefatura Territorial (durante a semana) ou Servizo de alerta epidemiolóxica (fins de semana).

Unha vez recibida a listaxe proposta polo ECCE, a CSC comunicarase coas persoas propostas como contactos estreitos e se se confirma a situación, realizaralle a enquisa epidemiolóxica, seguimento telefónico e detección de casos sospeitosos.

O seguimento dos contactos realizarase ata finalizar o período de corentena de 14 días.




Ilustración 3. Fluxograma de actuación ante un positivo no centro educativo

10.- MECANISMO DE ALERTA A XEFATURA TERRITORIAL DE SANIDADE

Cando apareza un caso diagnosticado de COVID-19 comunicarse dende a dirección do centro escolar a Xefatura Territorial de Sanidade en horario de oficina e fora do mesmo para quendas de tarde ou nocturno o SAEG(Servizo de Alertas Epidemiolóxicas de Galicia).

A continuación facilítase os enderezos para facer a comunicación :

XEFATURA TERRIT.	TEL:
CORUÑA	981 -155861
LUGO	982-292127
OURENSE	988-066371
PONTEVEDRA	986-885860

Teléfono de garda del SAEG fora do horario laboral , de 15 pm a 8am, ademais de sábados, domingos e festivos:649829090 ou chamar o 061 para que lles poñan en contacto coa persoa de garda no SAEG .

OUTROS RECURSOS FORMATIVOS


Neste apartado, incorporaremos recursos que que poden ser útiles en forma de material infográfico e videos que poden utilizarse tanto para os/as alumnos/as como para o persoal e profesorado da comunidade educativa.

1. **Erros máis frecuentes no uso da máscara.** Vídeo (1:32 min)



Vídeo realizado pola Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras onde, dunha forma lúdica explica cales son os erros máis comúns no uso da máscara e a forma adecuada de utilizala. Para novos e maiores. Acceso en: <https://www.youtube.com/watch?v=8fuHSckuzoo&feature=youtu.be>

2. **Como realizar unha correcta hixiene de mans.** Vídeo (0:55 segundos)



Este video creado pola Consellería de Sanidade, explica como debe facerse unha correcta hixiene de mans con agua e xabón e está dirixido especialmente aos máis pequenos. Está adaptado á linguaxe de signos. Acceso en: <https://www.youtube.com/watch?v=Pwa06y6Ez0Y>


3. Xogo “escapa do virus”



Trátase dun xogo de preguntas e respostas en versión Comecocos (Pac-Man) e que contén tres niveis de dificultade: a) de 8 a 10 anos, b) de 11 a 16 anos e c) de máis de 16 anos. Axuda a reforzar os coñecementos sobre o SARS-CoV-2 dunha

forma lúdica. Acceso en: <https://multimediaext.sergas.gal/escola/xogo/escapa/>

4. Canto sabes do coronavirus?



Trátase dun xogo de preguntas e respostas en bloques de distintos niveis de dificultade. Permite que na clase se poida reforzar o coñecemento sobre a Covid-19. Acceso en:

[https://escolasaude.sergas.gal/docs/EGSPC/cuestionario covid 19/index.html](https://escolasaude.sergas.gal/docs/EGSPC/cuestionario_covid_19/index.html)

5. e-Bug:




https://e-bug.eu/eng_home.aspx?cc=eng&ss=1&t=Information%20about%20the%20Coronavirus

e-Bug é un recurso educativo gratuíto para o seu uso na aula e no fogar desenvolvido pola Unión Europea. Neste hai actividades educativas, amenas e accesibles para os profesores e estudantes. Ten


contido específico para o SARS-CoV-2 cun conxunto de recursos formativos. Está escrito en inglés pero pode ser traducido mediante tradutores en liña de forma correcta.

Podemos destacar dentro deste proxecto as seguintes actividades:

- a. **e-Bug Assembly Activities:** libro electrónico en inglés con numerosas actividades que permiten ao alumnado concienciar sobre o virus e os seus mecanismos de transmisión. Acceso en: https://www.e-bug.eu/lang_eng/primary_pack/downloads/teacher-tools/e-Bug%20Assembly%20Activity%20pack.pdf



- b. **My Back to School Bubble:** trátase dun relato con deseños creado coa aportación dunha rede de profesores, padres e profesionais da saúde pública e ten como obxectivo axudar aos nenos a entender as novas medidas de protección que se encontran en vigos na escola. Encontrase en inglés e ten licencia creative commons. Acceso en: https://e-bug.eu/eng_home.aspx?cc=eng&ss=1&t=Information%20about%20the%20Coronavirus



ANEXO I. Enquisa de autoavaliación clínica da Covid-19

ANEXO I. Enquisa de autoavaliación clínica da Covid-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a cidadanía poidan identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. Non é necesario presentalo en ningún lugar. **De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.**

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		
Existe algún motivo que xustifique os síntomas por parte do paciente?			

Se algún síntoma (sen outra xustificación):

Ten actualmente síntomas? SI/NON

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 3 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 3 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita		

A interpretación dos resultados da enquisa realizarase tendo en conta os criterios clínicos e epidemiolóxicos. Tendo en conta a definición do Ministerio de Sanidade de caso sospeitoso por SARS-CoV-2 (calquera persoa cun cadro clínico de infección respiratoria aguda de aparición súbita de calquera gravidade que cursa, entre outros, con febre, tose ou sensación de falta de aire. Outros síntomas atípicos como a dor de garganta, perda do olfacto, perda do gusto, dores musculares, diarreas, dor torácico ou cefaleas, de inicio brusco e sen causa aparente, entre outros, poden ser considerados tamén síntomas de sospeita de infección por SARS-CoV-2 segundo criterio clínico.

ANEXO 2. OS NENOS SEREMOS OS SUPERHEROES CONTRA O CORONA- VIRUS




SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Área Sanitaria de Ourense
Verín e O Barco de Valdeorras




XUNTA
DE GALICIA



OS NENOS SEREMOS OS SUPERHEROES CONTRA O CORONAVIRUS

AUTORAS:

Verónica Civeira Pérez (enfermeira)
Arod y Antía (11 anos)





**MARZO 2020,
A GALICIA CHEGOU UN
VIRUS MALVADO CHAMADO
CORONAVIRUS...
E OS PEQUES
CONVERTÉMONOS
EN VERDADEIROS
SUPERHEROES**



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Área Sanitaria de Ourense
Verín e O Barco de Valdeorras



XUNTA
DE GALICIA








SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Área Sanitaria de Ourense
Verín e O Barco de Valdeorras



XUNTA
DE GALICIA



**A NOSA PRIMEIRA
MISIÓN FOI QUEDAR NA
CASA. PECHARON O
COLE, NON PODIAMOS
SAÍR Á RÚA...
PERO CONVERTEMOS
A CASA NA NOSA
FORTALEZA CONTRA
O CORONAVIRUS**

**NA CASA FIXEMOS MOITAS COUSAS:
LER, ESTUDAR, XOGAR, COCIÑAR...**



SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Área Sanitaria de Ourense
Verín e O Barco de Valdeorras

XUNTA DE GALICIA

TAMÉN APRENDAMOS A IMPORTANCIA DE LAVARNOS BEN AS MANS... (UNHA ARMA MOI, MOI IMPORTANTE CONTRA O CORONAVIRUS)

AHÍ, E QUE NON DEBEMOS TOCARNOS A CARA



SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Área Sanitaria de Ourense
Verín e O Barco de Valdeorras



XUNTA DE GALICIA



**OUTRA COUSA QUE
APRENDAMOS
FOI A ESBIRRAR
CON ESTILAZO**




SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Área Sanitaria de Ourense
Verín e O Barco de Valdeorras



XUNTA
DE GALICIA





SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Área Sanitaria de Ourense
Verín e O Barco de Valdeorras




XUNTA
DE GALICIA



OS NOSOS PAIS TAMÉN SE CONVERTERON EN VERDADEIROS SUPERHEROES: ALGÚNS TIVERON QUE PECHAR AS SÚAS TENDAS (VÍASELLES CARA DE PREOCUPADOS), OU CAMBIARON A SÚA FORMA DE TRABALLAR, OUTROS TIÑAN QUE SEGUIR SAÍNDO A TRABALLAR, ALGÚNS, INCLUSO EN PRIMEIRA LIÑA COIDADANDO AOS ENFERMIÑOS E LOITANDO CARA A CARA CO VIRUS





**OS AVÓS E BISAVÓS
FIXÉRONSE EXPERTOS EN
VIDEOCHAMADAS E ASÍ
SABIAMOS QUE ESTABAN BEN.
PROTEXELOS A ELES E UNHA
DAS MISIÓNS MÁIS
IMPORTANTES QUE TEMOS**



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Área Sanitaria de Ourense
Verín e O Barco de Valdeorras



XUNTA
DE GALICIA





SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Área Sanitaria de Ourense
Verín e O Barco de Valdeorras



XUNTA
DE GALICIA



**AGORA TEMOS UNHA
NOVA MISIÓN: PODEMOS
SAÍR A RÚA PERO NON DE
CALQUERA MANEIRA**

- 1. ANTES DE SAÍR LAVAREMOS BEN AS MANS**
- 2. RECORDADE QUE NON DEBEMOS ANDAR
TOCANDO AS SUPERFICIES**





SERVIZO
GALEGO
de SAUDE

Área Sanitaria de Ourense
Verín e O Barco de Valdeorras



XUNTA
DE GALICIA



**OA MAIORES DE 6 ANOS
DEBEMOS USAR MASCARILLA**

**E SE TES ENTRE 3 E 6 ANOS TAMÉN PODES
LEVALA**

**DEBEMOS LEVALA BEN
COLOCADA SOBRE A BOCA E
O NARIZ.**



**AINDA QUE TEÑAMOS MOITAS
CANAS DE ABRAZAR AOS
AMIGOS OU DARLLES A MAN É
MELLOR NON FACELO.**



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Área Sanitaria de Ourense
Verín e O Barco de Valdeorras



XUNTA
DE GALICIA





**AH! OUTRA COUSA
IMPORTANTE É QUE SE
ESTAMOS ENFERMOS,
OU TEMOS SÍNTOMAS
COMO FEBRE, TOSE...
NON PODEMOS SAÍR
DA CASA**




SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Área Sanitaria de Ourense
Verín e O Barco de Valdeorras



XUNTA
DE GALICIA







SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Área Sanitaria de Ourense
Verín e O Barco de Valdeorras



XUNTA
DE GALICIA



**Ó CHEGAR A CASA DEBEMOS
DEIXAR ZAPATOS E XOCUETES
NA ENTRADA E LAVARNOS
MOI BEN AS MANS.
NON DEBEMOS TER MEDO,
O QUE TEN QUE ESTAR
ASUSTADO É O CORONAVIRUS,
PORQUE NÓS SOMOS
VERDADEIROS SUPERHEROES.
!!XUNTOS GAÑAREMOS!!**



XUNTA
DE GALICIA

**“FORTES FRONTE O COVID”
PUPAS, SUSTOS E OUTROS DESCUSTOS**

